

DOCUMENTO Documento de TREWA: L-10 2016 Acta administrativa	IDENTIFICADORES a: TD05_DECLARACION, b: 73146 80491	
OTROS DATOS Código para validación: PRR21-OCS6B-LN1LJ Fecha de emisión: 18 de agosto de 2016 a las 10:50:46 Página 1 de 1	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- TEC. SUP. CONTRATACION de AYTO.CORUÑA.Firmado 26/07/2016 08:27 2.- CONCELLEIRA DE FACENDA E ADMON. de AYTO.CORUÑA.Firmado 27/07/2016 20:39	ESTADO FIRMADO



Servizo de Contratación
Ref. L-10 4301010171 430/2016/51
Acta doc. Administrativa

ACTA

Presidenta
Mª Eugenia Vieito Blanco

Vogais
Angel David Murado Codesal
Beatriz Mariño Vila
Mª José Macías Mourelle (acctal.)

Secretaria
Irene Louro Quintela (acctal.)

Na Biblioteca adscrita á Secretaría Xeral das Casas Consistoriais da cidade da Coruña, sendo as dez horas e corenta minutos do día vinte e dous de dos mil dezaseis, reúnese a Mesa de contratación cos asistentes que á marxe se reseñan, para abrir e cualificar os sobres que conteñen a documentación administrativa que presentan en tempo e forma os licitadores ao procedemento aberto con diversos criterios de valoración para contratar o servizo de **limpeza no centro municipal da Muller (CIM), contrato reservado a centros especiais de emprego o empresas de inserción social.**

Pola presidencia ordena a apertura dos sobres, e os membros da Mesa examinan os documentos presentados polos licitadores, que resultaron ser os seguintes:

- Número un-** CLN Incorpora S.L
- Número dous-** Norintegra S.L
- Número tres-** Integra Mantemento, Xestión e Servizos Integrados CEE Galicia S.L

Aos efectos previstos no art. 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, eu, a secretaria da Mesa de contratación, certifico neste acto que todos licitadores presentan os documentos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

A Mesa acorda admitir a todos os licitadores presentados ao procedemento por achegar toda a documentación esixida, e publicar o resultado desta apertura na web municipal, perfil do contratante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento.

De acordo co art. 27 do RD 81/2009, a apertura dos sobres que conteñen as ofertas económicas realizaránse en acto público no lugar e hora que se anunciará oportunamente no perfil do contratante da web municipal.

E sendo as dez horas e corenta e catro minutos do día ut supra indicado, dáse por rematado este acto e esténdese a presente acta, de cuxo contido eu, a secretaria accidental da Mesa, dou fe.

Visto e prace

A presidenta da Mesa

Mª Eugenia Vieito Blanco

Irene Louro Quintela